

Historiografía educativa de Galicia (1750-2000)

*Antón Costa Rico
Narciso de Gabriel
Sabela Rivas Barrós
Universidades da Coruña e Santiago*

RESUMO: Dende a súa fundación en Alemaña na transición do século XVIII ao XIX, a historiografía educativa atravesa por tres fases: tradicional, social e a que empeza a debuxarse nos últimos anos, caracterizada como cultural. En Galicia este campo de coñecemento empeza a configurarse a principios da década de 1980. Neste artigo analízase a producción bibliográfica da historiografía educativa sobre Galicia, rexistranse os principais arquivos e bibliotecas e ofrécese un repertorio de bibliografía específica, non específica e algunas fontes impresas.

ABSTRACT: From the time it was founded in Germany at the turn of the 18th to the 19th century, educational historiography has passed through three different stages: a traditional stage, a social stage, and a stage that has started taking shape in recent years which may be characterised as cultural. In Galicia this field of knowledge started to become structured in the early 1980's. This article analyses the bibliographic production of educational historiography in Galicia, recording the major archives and libraries and offering a repertoire of both specific and non-specific bibliography as well as some printed sources.

O interese por reconstruír o pasado educativo de Galicia incrementouse notablemente no curso das últimas décadas, segundo teremos ocasión de amosar nas páxinas que seguen e tal como pode comprobarse nas revisións bibliográficas realizadas por Antón Costa Rico (1993-1994 e 1997¹) e Anxo S. Porto Ucha (1994a¹). O noso propósito é analizar a evolución desta historiografía, tomando en consideración tanto os seus actores como os temas e tempos tratados e os enfoques adoptados, pero antes de facelo semella oportuno situala no marco da historiografía educativa en xeral.

1. A historiografía educativa

Aínda que podemos rexistrar diversos antecedentes, a historia da educación empeza a constituírse como campo de coñecemento específico na transición do século XVIII ao XIX. E

¹ Para facer referencia ás obras que figuran na bibliografía final utilizaremos o sistema autor-data.

faino en Alemaña, país que ofrecía un contexto especialmente propicio, pois tamén é aquí onde antes se configura o estudio da historia e da educación -os dous saberes matriciais da nosa disciplina-, e florece por estas mesmas datas un potente pensamento filosófico. Como sinala Alejandro Tiana, “el interés por la historia, la filosofía y la educación determinaría el florecimiento de la Historia de la educación con un claro avance sobre otros países”². Este primeiro foco xermánico irase estendendo a outras latitudes, incluída España.

Nesta fase inicial, a historia da educación consiste basicamente no estudo do pensamento dos pedagogos más salientes. Da mesma maneira que a historiografía xeral, que privilexia a esfera política, se centra na análise dos “grandes homes”, a educativa vertebrase arredor dos “grandes pedagogos”, como se pode comprobar nos manuais da época. Uns manuais que, en consonancia co seu contido, adoitan recibir a denominación de *Historia da Pedagogía*.

A este compoñente principal irase engadindo un segundo, as institucións escolares. De feito, os primeiros estudios histórico- educativos, que constitúen algúns dos antecedentes aos que antes aludímos, teñen como obxecto os establecementos educativos que contan cunha maior tradición, como as universidades e centros das ordes relixiosas, nomeadamente os xesuítas, desexosos todos eles de celebrar o seu pasado, pois, como subliña Pierre Caspard, “posuér orixes lonxanos, un pasado, unha historia, confire distinción e dignidade”³. Pero consonte o Estado intervén activamente no proceso de escolarización, creando os denominados “sistemas educativos nacionais”, o centro de atención xa non recae únicamente en institucións illadas, senón neses sistemas considerados como un todo e regulados por unha lexislación que prescribe cal debe ser o seu funcionamento. De aí que a política educativa, cristalizada nunha determinada lexislación, se converta nun punto de referencia cada vez máis importante para a nosa disciplina.

Así entendida, a historia da educación intégrase nos programas de formación do profesorado, particularmente dos mestres, se ben o seu peso variará en función dos países e dos períodos. A súa presencia no sistema de ensino, e sobre todo na universidade, será decisiva para configurar un corpo de especialistas que definirán o seu alcance e lle darán consistencia.

A principal función que se lle asigna inicialmente a esta disciplina na súa formulación xermánica consiste en contribuír á construción dunha teoría da educación. Tal era a

² Alejandro Tiana Ferrer, *La investigación histórico-educativa actual. Enfoques y métodos*, Madrid, UNED, 1988, pág. 16.

³ Pierre Caspard, “L'éducation, son histoire et l'État. L'exemple français”, *Annali di storia dell'educazione e delle istituzioni scolastiche*, nº 5, 1995, pág. 104.

perspectiva defendida por August Hermann Niemeyer (1754-1828), pioneiro no campo, ao que se unirán outros autores da época. Esta orientación será cuestionada por Karl von Raumer (1783-1865), que negará á historia a súa condición de fundamento do saber pedagóxico -en liña co pensamento de Herbart- e subliñará que a súa principal función é a de ilustrar e orientar aos profesores na práctica educativa. Concibida nestes termos, a historia da educación adoptará un enfoque preferentemente biográfico, pois é na vida e obra dos grandes pedagogos onde os educadores atoparán a súa fonte de inspiración⁴.

Os debates sobre as funcións da historia da educación reproducense noutros países, como é o caso de Norteamérica, onde se enfrentan unha concepción "liberal", segundo a cal o pasado ten interese en si mesmo, ademais de contribuír á mellor comprensión do presente, e unha concepción "técnica", para a que só se xustifica na medida en que sexa "funcional" nos programas de formación do profesorado, contribuíndo directamente á formación profesional do mesmo, se ben tampouco faltan autores que procuran compaxinar ambas orientacións. Aínda que non existe unha correlación estricta, a primeira posición tenden a sustentala os historiadores académicos e a segunda os especialistas en educación⁵.

Estas polémicas, que devirán crónicas, evidencian as eivas da disciplina, o status da cal será cuestionado a miúdo tanto polos historiadores como polos pedagogos. O feito de situarse entre dous campos, sen acadar un recoñecemento pleno en ningún deles, o da historia, ao que pertence por razóns metodolóxicas, segundo se asume maioritariamente na actualidade, e o da pedagogía ou ciencias da educación, do que forma parte en virtude do seu obxecto de estudio e da súa localización institucional, convértea en albo de ambas as dúas. Os historiadores académicos censurarán aos cultivadores desta disciplina, carentes frecuentemente dunha formación histórica específica, de estaren á marxe das tendencias marcadas pola corrente principal da historiografía, e os especialistas da educación de ofreceren un saber en boa medida irrelevante para os estudiantes das escolas ou facultades de educación.

Nesta primeira fase, que andando o tempo se adxectivará de "tradicional" ou "liberal", a historia da educación inspiráse nas correntes historiográficas que xorden ao longo do XIX (liberalismo, historicismo, positivismo), así como no idealismo que florece na transición do XIX ao XX. Agustín Escolano caracteriza así a práctica historiográfica tradicional:

⁴ Miguel Pereyra, "La historia de la educación en la formación de educadores. II Orígenes y evolución de una disciplina escolar", *Témprora. Pasado y presente de la educación*, nº 2, 1981, páxs. 61-67.

⁵ Sol Cohen, *Challenging Orthodoxies. Toward a New Cultural History of Education*, New York, Peter Lang, 1999, páxs. 4-34.

Este modelo ha privilegiado los estilos narrativos, descriptivos y episódicos, reduciendo las síntesis históricas a exposiciones de acontecimientos y relatos de biografías e ideas pedagógicas. Al igual que la historiografía general se limitó a la exposición de cadenas de hechos, generalmente de naturaleza política, militar o diplomática, la historia de la educación se redujo a la simple acumulación de datos correspondientes a los ámbitos político-administrativos y de las ideas, relacionados mediante una lógica lineal conectiva, en la que unos se mostraban como consecuencia de los otros, que eran valorados como elementos causales. (...) En ocasiones, bajo la influencia de las concepciones idealistas, se intentaba atribuir un "sentido" a estas cadenas de acontecimientos, interpretando que, bajo la superficie de los hechos, se expresaba el desarrollo de determinadas ideas-fuerza -como las de libertad, razón, progreso, espíritu-, que conferían un significado a la masa de elementos episódicos.⁶

O cuestionamento deste modelo historiográfico acada a súa maior intensidade e difusión a principios de 1960 e ten como escenario inicial os Estados Unidos de América. As razóns de fondo da crítica non son só de índole científica, senón tamén ideolóxica -concepcións acerca da orientación que debía darse á educación- e profesional -loita polo control do campo entre historiadores e especialistas en educación-, segundo pode comprobarse nun recente traballo de Sol Cohen, que ofrece unha novedosa lectura do denominado movemento "revisionista" americano⁷.

Bernard Bailyn e Lawrence A. Cremin serán os principais abandeados desta corrente crítica. O primeiro publica en 1960 *Education in the Forming of American Society: Needs and Opportunities for Study*, e o segundo cinco anos máis tarde *The Wonderful World of Elwood Patterson Cubberley: An Essay on the Historiography of American Education*. Cubberley e a súa concepción da historia da educación, dominante na década de 1920, converteranse nos principais albos dos revisionistas, esquecéndose estes de que entre Cubberley e eles mesmos existiran dúas xeracións de historiadores da educación, algúns dos cales sostiñan criterios similares aos que se imporán na década de 1960, tal como subliña Sol Cohen, a quen seguimos substancialmente nesta exposición.

Os presupostos en que o revisionismo pretende basear a nova historiografía educativa podemos resumilos en dous puntos, sen entrarmos en maiores precisións⁸.

⁶ Agustín Escolano, "Introducción" a *Historia de la Educación I*, Madrid, Anaya, 1984, pág. XIV.

⁷ Sol Cohen, *op. cit.*

⁸ Para unha descripción máis polo miúdo, véxase *ibid*; Alejandro Tiana Ferrer, *op. cit.*, páxs. 46-55; Harold Silver, "Historiografía de la educación", en T. Husen y T. N. Postlethwaite (eds.), *Enciclopedia Internacional de la Educación*, Barcelona, Vicens-Vives e MEC, 1990, páxs. 2959-2973; Gary McCulloch e William Richardson, *Historical Research in Educational Settings*, Buckingham-Philadelphia, Open University Press, 2000, particularmente o capítulo 3; e António Nóvoa, "El passat de l'educació: La construcció de noves històries", *Temps d'Educació*, nº 15, 1996, páxs. 245-279.

1) Frente á unha historiografía que se circunscrebe ás ideas pedagóxicas e ás institucións escolares, reivindícase a ampliación do obxecto de estudio, isto é, unha concepción moi más ampla da educación, entendida, en palabras de Baylin, “non só como pedagogía formal, senón como o completo proceso mediante o cal a cultura se transmite a través das xeracións”, da que a historia ofrece “os seus pormenorizados e complexos compromisos co resto da sociedade, e observa as súas cambiantes funcións, significados e propósitos”⁹.

2) Frente a un modo de facer historia cualificado de “parroquialista” polas súas curtas miras, propúgnase a súa adecuación ás modalidades de investigación definidas polas correntes máis avanzadas da historiografía xeral. Esto implica, por unha banda, que se deben considerar os fenómenos educativos no contexto en que se producen, atendendo ás súas relacións con factores económicos, sociais, políticos e culturais, e sometelos ás análises pertinentes, incluídas as de tipo cuantitativo, que van adquirir unha importancia crecente. Pero tamén implica cambios no tocante ás funcións do saber histórico-educativo, que xa non debería estar animado por pretensións “evanxelizadoras” e un afán “celebratorio” dos progresos da instrucción, senón por perspectivas más eruditas e unha concepción más desinteresada ou “liberal” do coñecemento. Como corolario do anterior, serán frecuentes as voces que reclamen para os historiadores a docencia desta materia, da que se viñan encargando ata o momento sobre todo os especialistas en pedagogía.

A esta primeira onda revisionista superpúxose unha segunda denominada “radical”, fortemente influenciada pola socioloxía e o marxismo. Os seus planteamentos abrollan a finais dos anos sesenta e algúns dos autores más salientables son Michael Katz, Joel Spring ou Clarence Karier. O revisionismo radical incorpora decididamente a perspectiva política ás súas análises e constrúe unha visión da historia substancialmente distinta da tradicional. No canto de identificar a difusión da escolarización co progreso e o avance da democracia subliña o seu “burocratismo, racismo e clasismo”. Estas posicións darán lugar a un intenso debate entre os historiadores que persistirá ata os comezos dos anos oitenta.

Vaise configurando así, primeiro nos Estados Unidos e logo noutros países, con ritmos e intensidades diversos, unha “nova historia da educación”, que algúns denominarán *historia social da educación* pola importancia que se lle atribúe ao “contexto social”. Este novo enfoque tende a imporse, por máis que o tradicional se resista a desaparecer, se non nas proclamas teóricas, si nas prácticas historiográficas.

O enfoque social foi sen dúbida fructífero: contribuíu a reconsiderar a definición do fenómeno educativo, ampliando os seus lindeiros; subliñou os condicionantes sociais da

⁹ Citado por Soi Cohen, *ibid.*, pág. 6.

escolarización; enfatizou a necesidade de comprender os procesos educativos dentro das realidades más amplas de que forman parte; favoreceu a introducción de técnicas cuantitativas; fomentou a interdisciplinariedade, etc.

Con todo, nos anos oitenta comezan a percibirse certos excesos e carencias. Konrad H. Jarausch, referíndose a Alemania, e despois de recoñecer os méritos e logros do revisionismo, formula diversas críticas, das que nos referiremos a dúas: o exceso de ideoloxismo de determinados autores -as referencias ao “social” teñen ás veces máis valor “litúrxico” do que “explicativo”- e a escaseza de investigacións sobre o que sucede realmente dentro das aulas, a dinámica interna da institución escolar¹⁰. Finaliza a súa exposición propoñendo unha reformulación, que non abandono, do modelo emerxente nos anos sesenta, que empeza a dar mostras de esgotamento:

Se o balance oscilou demasiado cara a sociedade, ¿por que non retornar á cultura e ao contido da educación? Os préstamos das ciencias sociais non son necesariamente nocivos, nomeadamente se se procede con discriminación e se olla, alén da socioloxía, á antropoloxía. Non é necesario retornar á celebración do poder e o elitismo, só é necesario ser menos estridente en retórica política e máis consciente das consecuencias non intencionais. Castigados pola súa experiencia, os cada vez máis vellos “novos historiadores” deberían continuar o seu traballo nunha forma evolutiva.¹¹

A sensación de esgotamento do modelo social, tal como fora formulado nos anos sesenta, incrementouse nas dúas últimas décadas, coincidindo co debate suscitado polo posmodernismo, segundo pode comprobarse nun traballo publicado recentemente por António Nóvoa, un dos mellores coñecedores das tendencias actuais da historiografía educativa¹². Analizando a produción nos Estados Unidos de América entre 1991 e 1996, este autor observa a emerxencia dunha nova forma de facer historia da educación, que suporía importantes cambios con respecto ao modelo anterior, e que algúns caracterizan como “post-revisionismo” e outros como “(nova) historia cultural da educación”:

1) En primeiro lugar, o predominio concedido anteriormente ás estructuras, nas que se diluían os individuos concretos, semellan querelo asumir agora os actores dos procesos educativos, a experiencia dos cales se sitúa nun primeiro plano.

¹⁰ Konrad H. Jarausch, “The Old ‘New History of Education’: A German Reconsideration”, *History of Education Quarterly*, vol. 26, nº 2, págs. 225-241.

¹¹ *Ibid*, pág. 240.

¹² António Nóvoa, *Histoire & Comparaison (Essais sus l’Éducation)*, Lisboa, EDUCA, 1998, 13-50. Este capítulo publicouse inicialmente en 1997 na revista francesa *Histoire de l’éducation*.

2) Consonte o anterior, o centro de interese desprázase dos sistemas do ensino, considerados no seu conxunto, ás escolas: “No primeiro caso, imaxínase que coñecendo o sistema se coñecen as escolas, mentres que, no segundo caso, preténdese que a través do estudio dunha escola é posible entrar no funcionamento do sistema”¹³.

3) A escola interesa agora máis no seu funcionamento interno que nos seus determinantes externos: “Trátase de pasar da análise da *externalidade* dos procesos educativos, subliñando a longa duración dos cambios e das continuidades en educación, á análise da *internalidade* do traballo escolar, nomeadamente nos momentos de conflicto e ruptura”¹⁴.

4) Recupérase o estudio das ideas pedagóxicas, que fora desatendido no período revisionista, pero nesta nova fase o historiador debe atender ao conxunto dos discursos producidos arredor da educación -e non só ás ideas dos pedagogos más eminentes-, analizando a súa incidencia na conformación das prácticas educativas.

5) O cuestionamento dos sistemas de ensino construídos ao longo dos dous últimos séculos e as reformas acometidas nas últimas décadas para tentar adecualos ás características da sociedade actual, favorecen o desenvolvimento da reflexión política na investigación histórico-educativa, que se centrará na análise das reformas, co propósito de aportar algunas claves que axuden a redefinir o novo modelo escolar.

6) Por último, o Estado-nación, consagrado como marco de referencia fundamental na historiografía anterior, tende a ser substituído polo local/global considerado en termos comparativos. Para dicilo con palabras do autor ao que seguimos, o reto “dunha historia comparada da educación é o de ampliar a investigación cara o *infinitamente grande* dos procesos de globalización e o *infinitamente pequeno* dos fenómenos de localización, construíndo encadramientos conceptuais capaces de iren alén do estudio *inter-nacional* dos sistemas educativos”¹⁵.

No tocante a España, a historiografía educativa tradicional conservará a súa hexemonía ata a década de 1970, que é cando comeza a aparecer entre nós o modelo da historia social. Matizando un pouco máis, o profesor Julio Ruiz Berrio diferenciou tres etapas nese longo ciclo: 1834-1898, 1898-1936 e a que media entre 1939 e 1970 ou 1975¹⁶. Na primeira escasean tanto as obras producidas en España como as traducidas ao castelán e haberá

¹³ *Ibid.*, pág. 32.

¹⁴ *Ibid.*, pág. 34.

¹⁵ *Ibid.*, pág. 46.

¹⁶ Julio Ruiz Berrio, “La investigación española en Historia de la educación. La Sección de Historia de la Educación de la Sociedad Española de Pedagogía”, en 1º *Encontro de Historia da Educação em Portugal*, Lisboa, Fundação Calouste Gulbenkian, 1988, págs. 153-174.

que agardar a 1898 para que, coa incorporación desta disciplina aos estudos de mestre normal, se incrementen as publicacións, que seguirán inspirándose nos esquemas historicistas e positivistas¹⁷. Ao final desta segunda fase, en 1932, prodúcese a integración da historia da educación na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Madrid e en 1933 na de Barcelona. A terceira fase caracterízase inicialmente por unha reducción das publicacións, que adquiren un ton claramente doutrinario, e só a finais da mesma agroman algunas investigacións con aires renovadores. A historia da educación, como tal, tamén desaparece dos estudos conducentes á formación do maxisterio, aínda que se mantén nas universidades.

Os postulados revisionistas chegarán serodiamente a España, nos anos setenta¹⁸, cando xa estaban a piques de seren cuestionados nos países que os promoveran. Nestes anos a historiografía da educación española experimentará unha forte expansión, consecuencia en boa medida da que tamén coñecen os estudos de Pedagogía, e renovación, que reflicte á súa vez os cambios que se operan na investigación histórica en xeral. O campo adquire ademais un perfil cada vez máis específico e maior identidade, como se manifesta na creación da Sección de Historia da Educación da Sociedade Española de Pedagogía, convertida posteriormente en Sociedad Española de Historia da Educación, a aparición de *Historia de la Educación. Revista Interuniversitaria* e a celebración de diversas reunións científicas, algunas con carácter periódico¹⁹.

E se o revisionismo chegou tarde, o posrevisionismo tamén se está facendo agardar, por máis que nos noventa se publiquen algunas obras que sintonizan con determinadas propostas do pensamento posmoderno. Agustín Escolano considera que non é doado determinar en que medida se produciu en España a incorporación a estas correntes, se ben “la presencia de ciertos temas y líneas de investigación en nuestra disciplina sí parece sugerir que algunas de las actuales prácticas de estudio se muestran afines con los nuevos estilos narrativos”²⁰.

¹⁷ Agustín Escolano, *op. cit.*

¹⁸ Julio Ruiz Berrio, *op. cit.* e León Esteban Mateo, “Pasado, presente y futuro de la Historia de la educación”, en *Escolarización y Sociedad en la España Contemporánea (1808-1970)*, Valencia, Universidad de Valencia, 1983, págs. 999-1039.

¹⁹ Sobre algunas das temáticas e enfoques dominantes nos anos oitenta, véxase o libro colectivo editado polos profesores J. L. Guereña, J. Ruiz Berrio e A. Tiana Ferrer, *Historia de la educación en la España contemporánea. Diez años de investigación*, Madrid, C.I.D.E., 1994. Tamén pode consultarse o monográfico de *Histoire de l'éducation* (nº 78, 1998), dirixido por Jean-Louis Guereña, sobre *L'enseignement en Espagne. XVIIe-XXe siècles*.

²⁰ Agustín Escolano, “La historia de la educación después de la posmodernidad”, en Julio Ruiz Berrio (ed.), *La cultura escolar en Europa. Tendencias emergentes*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2000, páx. 320.

2. A producción bibliográfica

A historia da educación en Galicia non ten sido motivo de atención sistemática ata hai poucos anos. Antes de 1980 virán aparecendo, de modo intermitente, aquí e acolá, algunas publicacións, sen obedecer, non obstante, coa excepción quizais dos estudos relativos á historia institucional da Universidade de Santiago, a unha unidade de propósito ou á consolidación dunha liña investigadora, e será en efecto a partir dos anos oitenta cando se rexistre un cambio decisivo neste panorama.

Entendemos por historiografía educativa de Galicia as unidades bibliográficas nas que se obxectiva e formaliza o coñecemento sobre o noso pasado educativo, resultado da aplicación do método histórico á análise dun determinado problema. As publicacións recollidas clasificarémolas en dous grandes apartados, segundo se trate de obras específicamente histórico-educativas ou non.

Son obras específicas as que teñen como principal centro de atención o fenómeno educativo en calquera das súas dimensións -circunstancia que adoita reflectirse no seu propio título- e o analizan cunha metodoloxía histórica más ou menos depurada. Sobre este bloque, recollido no apartado 4.1, versará a nosa análise posterior.

Consideramos como non específicas aquelas obras que malia trataren sobre cuestións educativas non están vertebradas arredor das mesmas. Este tipo de obras medrou substancialmente nos derradeiros anos, consonte os historiadores atribuíron importancia aos procesos educativos na explicación das dinámicas sociais (cfr. 4.2).

Esta clasificación non implica ningún xuízo de valor sobre uns e outros traballos. De feito, algunas das obras non específicas aportan coñecementos sumamente valiosos para reconstruir o noso pasado educativo, pero en todo caso non se centran no seu estudio. Pola contra, entre as obras específicas atopámonos ás veces con traballos de escasos folgos e curtas miras.

A estas dúas categorías engadimos unha terceira constituída por algunas fontes impresas (cfr. 4.3). Non se trata certamente dun repertorio exhaustivo nin é esta a súa pretensión. Entre outras razóns porque non sería factible, pois a delimitación do universo de fontes depende de cada problema de investigación, e a necesidade de analizar a educación -como calquera outro obxecto histórico- no contexto onde se insire fai que debamos recorrer a materiais moi diversos para construírmos os nosos discursos. Ofrécense, simplemente, algunos materiais impresos que tratan sobre aspectos específicamente educativos, co propósito de evidenciar a existencia dunha certa tradición pedagóxica en Galicia e de facilitar o camiño aos investigadores interesados en traballar neste campo.

Entre as fontes incluímos tamén o que podemos denominar a "memoria da educación". Ou o que é o mesmo, testemuños de diversas persoas sobre o tipo de educación que experimentaron. Nalgúns casos son escritos autobiográficos -sirva como exemplo o número de Grial sobre a *Infancia recordada*- e noutrous entrevistas -como a realizada por Amancio Liñares a Avelino Pousa- ou recreacións literarias -*Aventuras de Alberte Quiñoi*. Trátase de escritos que ademais de fornecernos unha visión do pasado poden ser utilizados como fontes polos historiadores.

Destes tres repertorios, o máis completo é sen dúbida o primeiro, se ben non pretende esgotar as referencias bibliográficas existentes. Para a súa elaboración utilizouse a información dispoñible dos autores deste artigo, e fixose unha revisión das revistas en que se publica máis a miúdo este tipo de traballos²¹, dos libros de actas de congresos, nomeadamente os referidos á temática que nos ocupa, e dos fondos das editoriais galegas e dalgunhas españolas.

No listado que presentamos aparecen únicamente os traballos referidos a Galicia, aínda que convén deixar constancia da existencia entre nós de historiadores da educación cunha obra centrada maioritariamente no ámbito español ou europeo. Este é especialmente o caso de Herminio Barreiro Rodríguez, que ten traballado sobre a figura e Lorenzo Luzuriaga e o seu tempo, a Ilustración e a Revolución francesa, e de Uxío Otero Urtaza, que dedicou unha boa parte dos seus esforzos a estudiar a traxectoria de Manuel Bartolomé Cossío. Aínda que en menor medida, esta circunstancia tamén se dá noutrous autores.

Non se inclúen as investigacións non publicadas, por más que existen unhas vintecinco memorias de licenciatura sobre a historia da educación en Galicia, realizadas nas universidades de Madrid, Barcelona, Salamanca e Santiago dende finais dos anos cincuenta²².

²¹ Dado que ata datas ben recentes non existía en Galicia unha revista específica de historia da educación, nin tampouco no conxunto de España, os traballos apareceron en publicacións moi diversas, entre as que foron consultadas as seguintes: *Adaxe*, *Agalia*, *Anuario Brigantino*, *Boletín Auriense*, *Boletín de la Comisión de Monumentos de la Provincia de Lugo*, *Boletín de la Comisión de Monumentos de la Provincia de Orense*, *Boletín de la Real Academia Gallega*, *Boletín de la Sociedad Española de Historia de la Educación*, *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*, *Bordón*, *Cátedra. Estudios Eumeses*, *Compostellanum*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *Cuadernos de Pedagogía*, *Encrucillada*, *O Ensino*, *Galicia Diplomática*, *Gran Encyclopédia Gallega*, *Grial*, *Hispania Sacra*, *Historia de la Educación*, *Revista Interuniversitaria*, *Liceo Franciscano*, *Minius*, *El Museo de Pontevedra*, *Obradoiro de Historia Moderna*, *Revista Galega de Educación*, *Revista Galega do Ensino e Sarmiento*, *Anuario Galego de Historia da Educación*.

²² Ofrecemos a temática, autor, universidade e data destes traballos: P. Sarmiento (Alonso Arnaiz, Madrid, 1954); Concepción Arenal (Lahita Ruiz, Madrid, 1957); P. Feijoo (Cortázar Paz e García Vellve, Madrid, 1961); P. Sarmiento (Boix Baraut, Barcelona, 1962); o ensino en Santiago no século XVIII (Tomé Rocha, Santiago, 1963); os estudos eclesiásticos na Archidócese Compostelá (Iglesias Pérez, Salamanca, 1965);

Tampouco están publicadas a tese de doutoramento de Mercedes Suárez Pazos, que trata sobre o Sexenio revolucionario, e a de Jurjo Torres Santomé acerca da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela, profesores ambos que encamiñaron posteriormente as súas investigacións cara o eido da didáctica.

Ademais de seren especificamente histórico-educativas, referírense a Galicia e estaren publicadas, as investigacións analizadas tratan sobre o período comprendido entre 1750 e 2000. Escollemos este período debido a que a produción bibliográfica ven prestando unha especial atención aos tempos contemporáneos, por máis que dispoñamos de achegas importantes e outras en curso de realización para tempos anteriores²³. E partimos aproximadamente de 1750 atendendo ás reformas de influencia ilustrada que por estas datas se introducen na Universidade de Santiago, a nosa institución escolar más consolidada e representativa, e á importancia que empeza a adquirir daquela a reflexión pedagógica. De todas formas, para a segunda metade do XVIII recolleranse máis que nada os estudos sobre as innovacións que introduce a Ilustración, excluíndose os referidos a prácticas educativas que seguían a ser expresión do Antigo Régime.

Empezaremos considerando a cronoloxía de publicación dos traballos, o que nos permite apreciar que no século XIX a investigación histórico-educativa sobre Galicia era moi escasa, pois só se rexistran cinco achegas, que se inician coa obra de Lorenzo G. Quintero y Morado (1869). Esta precaria situación manterase ao longo do primeiro cuarto do século XX, dado que dende 1900 ata 1924 só aparecen dúas máis. Entre 1924 e 1933 podemos

Emilia Pardo Bazán (Domínguez de la Rúa, Madrid, 1971); o ensino primario en Santiago no século XIX (Armas Castro, Santiago, 1973); Joaquín de Avendaño (Alberte Castañeiras, Madrid, 1973); P. Feijoo (Hervia Ruiz, Salamanca, 1973); Emilia Pardo Bazán (Díaz Chao, Salamanca, 1973); a Ilustración na Universidade de Santiago de Compostela (Barreiro Fernández, Santiago, 1974); Eduardo Vincenti (Martín Rodríguez, Madrid, 1974); o ensino secundario en Lugo no século XIX (Iglesia Mingote, Salamanca, 1975); presencia de Freinet en Galicia (Costa Rico, Salamanca, 1975); a creación de escolas de emigrantes en Galicia (Lamela Vilariño, Madrid, 1975); a Universidade de Santiago de Compostela no período isabelino (Varela González, Santiago, 1977); o Seminario de Santiago no século XIX (Rodríguez Martínez, Santiago, 1979); o ensino na provincia de Tui segundo o catastro de Ensenada (Pereira Domínguez, Madrid, 1979); a Universidade de Santiago de Compostela durante o Sexenio (Portabales Vázquez, Santiago, 1982); o ensino primario na Coruña no período isabelino (Vázquez Ramil, Santiago, 1983); a Xeración Nós e a educación (Domínguez Penelas, Madrid, 1983); a prensa de Vigo e a educación entre 1927 e 1936 (Romero Quintana, Santiago, 1984); a dotación de material e mobiliario das escolas primarias en Santiago de Compostela nos tempos da Restauración (López Caballero, Santiago, 1986); e María Barbeito (Molares Cabana, Santiago, 1987). Non se inclúen na relación os traballos que non versan sobre Galicia, dado o obxecto deste artigo.

²³ Referímonos aos traballos de Barreiro Fernández (1991a) e de Costa Rico. Este último está preparando na actualidade un estenso texto sobre o conxunto da historia educativa de Galicia entre o século V e o XX, tendo ofrecido algúns adiantos en *Historia do ensino no Reino de Galiza (Anos 414-1483)*, Santiago, Tórculo Edicións, 1995, e "Educación e cultura literaria en Galiza (414-1483)", *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, nº 4, 2000, pág. 153-200.

contabilizar trece unidades bibliográficas, das que oito foron publicadas en revistas culturais e versan sobre determinadas institucións, como a Universidade de Santiago e algúns colexios privados de carácter relixioso, que se analizan dende unha perspectiva positivista, como correspondía aos esquemas historiográficos da época. Na seguinte década (1934-1943) non se publica nada e entre 1944 e 1980 só aparecen 33 unidades, menos dunha por ano, que polo xeral prolongan o enfoque dominante na década dos vinte (Cadro 1).

Cadro 1. Formato e data de publicación da producción bibliográfica


Formato	Data de publicación					%
	1857-1899	1900-1936	1937-1979	1980-2001	Total	
Libros	2	7	12	67	88	22,56
Capítulos en libros	-	-	3	55	58	14,87
Traballos en libros de actas	-	-	1	51	52	13,33
Artigos en revistas	3	8	17	164	192	49,23
Total	5	15	33	337	390	
%	1,28	3,85	8,46	86,41		

Será nos anos oitenta cando o panorama empece a mudar. En efecto, entre 1980 e o 2001 prodúcense 337 achegas, algo máis do 86% de todas as rexistradas, cunha media de 15 por ano, é dicir, tantas como a suma das que aparecen dende 1900 a 1936. O gráfico adxunto permite apreciar con máis precisión esta evolución e o carácter sostido da produción²⁴. A principios dos anos oitenta o incremento é aínda feble, pero en 1983 acádase a cifra de 14 unidades, da que só se baixará en 1985 (11) e 1993 (13). As cifras coñecen os seus máximos cumios en 1996 (26) e 1989 e 1997 (25).

Podemos afirmar, xa que logo, que nos últimos vinte anos estamos assistindo aos inicios da configuración dun novo sector de coñecemento dentro da historiografía galega, con progresiva identidade e conciencia de si mesmo. As razóns que posibilitan a súa emergencia son basicamente dúas: dunha parte, a implantación na década de 1970 dos estudos de Pedagogía na Universidade de Santiago, así como nos Colexios Universitarios da Coruña e Ourense, que incorporarán a historia da educación nos seus planos docentes e proxectos de investigación; e doutra, a preocupación existente nestes mesmos anos pola construcción dunha historia específica de Galicia, por considerala un elemento fundamental na definición da identidade galega. Unha e outra circunstancia fan posible o desenvolvemento de investigacións e a multiplicación de publicacións histórico-educativas sobre a nosa realidade.

²⁴ Non se inclúe neste gráfico a produción do ano 2001, pois tendo en conta a data en que se redactou este artigo o rexistro que da mesma se fai é necesariamente incompleto.

Evolución da producción bibliográfica (1975-2000)



En relación co formato das publicacións, aproximadamente a metade apareceron en revistas galegas de carácter pedagóxico, histórico e cultural en xeral, así como nalgunhas españolas, entre as que debemos salientar *Historia de la Educación. Revista Interuniversitaria*, editada pola Universidade de Salamanca²⁵. Dende 1997 contamos en Galicia cunha revista específica²⁶, esta que o lector ou lectora teñen nas súas mans, o que constitúe un claro síntoma da identidade á que aludiamos antes, pois, como se ten dito, a existencia de publicacións periódicas específicas é un claro indicador da autonomía dun campo de coñecemento²⁷. Tamén é importante o número de libros publicados, que representan case o 23% da producción, ao que se suma outro 13,33% consistente en capítulos de libros. Por último, os traballos publicados en libros de actas de congresos e encontros diversos supoñen aproximadamente o 15%, se ben é esta unha modalidade que se restrinxé aos últimos vinte anos, coincidindo coa multiplicación deste tipo de eventos.

Este conxunto de traballos son obra de 167 autores, dos que 126, é dicir, o 75%, só publicaron un, 18 dous, 17 entre tres e nove e 6 máis de vinte cada un deles. Os seis más prolíficos teñen en común a súa condición de pedagogos (Benso Calvo, Cid Fernández, Costa Rico Gabriel, Peña Saavedra e Porto Ucha), e máis específicamente de docentes e investigadores no

²⁵ Cfr. a nota 21.

²⁶ Queremos aproveitar a ocasión para deixar constancia do cuidadoso e acertado traballo que ven realizando na publicación de *Sarmiento* o seu secretario, o profesor José Luis Iglesias Salvado.

²⁷ Marie-Madeleine Compère, *L'Histoire de l'Éducation en Europe. Essai comparatif sur la façon dont elle s'écrit*, Berlin-Paris, Peter Lang-INRP, 1995, páx. 62.

campo da historia da educación nas tres Universidades galegas. Pero interesa subliñar que dende outros ámbitos, e nomeadamente o da historia, se teñen feito importantes contribucións. A autoría dos traballos é individual en 359 casos e colectiva nos 31 restantes.

Diferenciando por sexos, 132 son autores e 35 autoras, observándose tamén aquí o desnivel doutros campos de investigación. Con todo, a partir da década dos oitenta prodúcese unha crecente presencia das mulleres.

Tres de cada catro traballos foron publicados en Galicia. Os que apareceron fóra das nosas fronteiras fixérono sobre todo en libros de actas de congresos, especialmente os organizados pola Sociedade Española de Historia da Educación, libros colectivos e publicacións periódicas. No que respecta ao idioma, 186 unidades bibliográficas están redactadas en galego, que aumentou notablemente a súa presencia nos últimos anos, 201 en castelán e 3 en francés.

En relación co tempo histórico estudiado -lémbrese que só consideramos nesta ocasión os traballos que tratan dende mediados do XVIII en adiante-, diferenciamos seis períodos, a delimitación dos cales obedece a criterios lexislativos e socio-políticos: un primeiro que podemos identificar aproximadamente coa Ilustración (1750-1812), o comprendido entre o Informe Quintana e a Lei Moyano (1813-1857), a segunda metade do XIX (1858-1900), o primeiro tercio do XX (1901-1936), o franquismo (1937-1975) e a restauración democrática.

Como pode apreciarse (Cadro 2), o 30% da produción concéntrase no primeiro tercio do século XX. Se a esta porcentaxe lle sumamos a das obras que versan sobre a segunda metade do XIX, resulta que a metade trata sobre o tempo comprendido entre a Lei Moyano e a II República, anos especialmente dinámicos, tanto no referente á definición e desenvolvemento do sistema escolar como ao pensamento pedagógico. O seguinte período en orde de importancia é a Ilustración (11,54%), seguido da primeira metade do XIX (8,46%). Pola contra, os tempos más próximos, franquismo e democracia, con algo menos dun 4% cada un, foron moito menos estudiados. A relativa proximidade destes anos, unida a outros elementos de carácter subxectivo, poderían explicar esta circunstancia. Existe, a maiores, un 23% de unidades bibliográficas que non encaixan en ningunha das categorías temporais establecidas, ben porque ofrecen unha visión xeral da contemporaneidade, ben porque afecten a dous ou máis períodos.

Para clasificar a temática estudiada, construímos as categorías que se reproducen no Cadro 2. Trátase dunha clasificación exhaustiva, pois permite incluir a totalidade da producción, e pensamos que suficientemente específica, dado que reflicte a súa diversidade. Pero debemos recoñecer que a miúdo non é doado decidir sobre a inclusión dunha determinada obra nunha ou noutra categoría, pois estas non son mutuamente excluíntes. Cando xurdiron

este tipo de dúbidas, escolleuse aquela que ao noso entender mellor lle acae á perspectiva dominante nesa investigación.

A temática máis traballada é, con moito, a relativa ao sistema de ensino nos seus diversos niveis e modalidades (45,64%), seguida do pensamento pedagóxico (25,90%). O predominio do sistema de ensino é sostido, pois mantense en todos os períodos agás no primeiro tercio do XX, en que corresponde ao pensamento pedagóxico. O resto das categorías acadan porcentaxes moi inferiores, normalmente por debaixo do 5% (Cadro 2).

O feito de que case a metade das investigacións traten sobre a realidade escolar posiblemente se deba a que, como xa dixemos, a historiografía educativa galega inicia a súa constitución como tal a principios dos anos oitenta, coincidindo coa implantación en España, polo menos no eido educativo, do modelo da historia social, caracterizado precisamente por dar prioridade ao estudio das prácticas e por un relativo esquecemento do mundo das ideas, dominante na historiografía tradicional.

Cadro 2. Clasificación da producción bibliográfica por temáticas e períodos

	Período							Total	%
Temas	1750-1812	1813-1856	1857-1900	1901-1936	1937-1975	≥ 1976	Máis dun período		
Pensamento pedagóxico	16	5	18	46	3	5	8	101	25,90
Correntes	3		10	22	1	5	5	46	11,79
Autores	13	5	8	24	2		3	55	14,10
Política educativa		1	4	7	1		3	16	4,10
Sistema de ensino	20	22	37	39	9	8	43	176	45,64
Primario e infantil	2	3	6	3	6	2	4	26	6,67
Secundaria	1	6	5	1			6	19	4,87
Técnico, profesional e artístico	4	1	5	1			3	14	3,59
Formación do profesorado		3	3	1	1	1	2	11	2,82
Seminarios e centros de formac. reliz.		2	5				4	11	2,82
Ensino privado		2	2	2	1		2	9	2,31
Universidade	12	5	1	3	1	3	17	42	10,77
Educación das mulleres	1		6	2		2	1	12	3,08
Emigración e escolarización			4	26			4	34	8,72
Acceso e usos da cultura escrita	8	3	2	2	0	0	4	19	4,87
Alfabeticización	2		2	1			3	8	2,05
Bibliotecas	6	3		1			1	11	2,82
Profesión docente		1	2	5	2		4	14	3,59
O currículo non universitario		1	10	5			6	22	5,64
Educación popular e extensión cultural	1		4	9		1	4	19	4,87
Estudios xerais				3			11	14	3,59
Historiografía e metodoloxía							7	7	1,79
Total	45	33	77	116	15	14	90	390	
%	11,54	8,46	19,74	29,74	3,85	3,59	23,08		

Nunha aproximación máis polo miúdo, podemos diferenciar varios apartados dentro do sistema de ensino. O nivel máis estudiado é o universitario, que absorbe case un 11% da producción, e que domina sobre todo no primeiro período e nos estudos de longa duración (Barreiro Fernández, Cabeza de León e Fernández Villamil, Díaz y Díaz, Martínez Rodríguez, Pedret Casado, Pérez Bustamante e González García, Sisto, Varela²⁸). De seguido sitúanse os estudos sobre as repercuśóns escolares da emigración (8,72%), centradas no primeiro tercio do século XX, que foi cando se creou a maior parte dos centros escolares promovidos polos nosos emigrantes, ben fose a título individual, ben mancomuna-

²⁸ Os autores que figuran entre paréntese, tanto neste caso como nos seguintes, son algúns dos que más se teñen ocupado de cada categoría temática. Os títulos dos seus traballos poden verse no apartado 4.1.

damente (Magariños, Malheiro Gutiérrez, Peña Saavedra, Pereira). A terceira posición corresponde ao ensino primario e infantil (6,67%), temática abordada en todos os períodos e particularmente no que segue á Lei Moyano (Costa Rico, Gabriel, Suárez Pazos). Con algo menos do 5% figura o ensino secundario, onde se ten dado prioridade á constitución dos institutos provinciais a mediados do XIX e ao seu desenvolvemento na segunda metade deste século (Benso Calvo, Fariña Casaldarnos, Fortes, Meijide Pardo, Otero Urtaza). O resto das categorías sitúanse arredor do 3%: ensino técnico, profesional e artístico, con especial referencia á Ilustración e á segunda metade do XIX (Meijide Pardo, Sánchez Rodríguez de Castro, Sousa e Pereira); formación do profesorado e Escolas Normais (Porto Ucha); seminarios e centros de formación relixiosa, onde predomina o século XIX, o mesmo que na categoría anterior (García Cortés); ensino privado a cargo das ordes relixiosas, nomeadamente os xesuítas (Rivera Vázquez); e educación das mulleres, temática que se refire maiormente á segunda metade do XIX (Benso Calvo, Gabriel, Suárez Pazos).

Neste tipo de investigacíons, poderíamos diferenciar entre as centradas nunha determinada institución, realizadas a miúdo co gallo dalgunha conmemoración, nas que adoita predominar un enfoque tradicional, e as que abranguen un nivel educativo no seu conxunto, parcialmente inspiradas nos últimos anos polo modelo da historia social. Esta diferencia de amplitude, e ás veces tamén de enfoque, non afectaba ata hai poucos anos ao ensino universitario, dado que, como é ben sabido, Universidade en Galicia só había unha.

No pensamento pedagóxico diferenciamos dúas categorías, segundo as investigacíons veresen sobre autores ou correntes, sendo as primeiras (14,10%) lixeiramente superiores ás segundas (11,79%). Aínda que cobren todos os períodos, fan especial fincapé no primeiro tercio do século XX, coincidindo cunha fase de numerosas propostas innovadoras e reformistas no eido educativo, tanto de carácter individual como colectivo, na segunda metade do XIX e na Ilustración, onde o protagonismo corresponde aos autores. Entre as correntes de pensamento, cabe salientar, ademais do movemento ilustrado (Fraga Vázquez), o evolucionismo (Barreiro Fernández), o institucionismo (Porto Ucha), o socialismo (Costa Rico), o laicismo (Cid Fernández, Valín Fernández), a Escola Nova (Costa Rico) e o galeguismo (Capelán Rey, Rivas Barrós). Entre os autores, algúns dos mais estudiados son Sarmiento, Feijoo, Concepción Arenal e Xoán Vicente Viqueira (Casás Fernández, López Peláez, Sánchez Cantón, Salgado Toimil).

Inmediatamente despois do sistema escolar e o pensamento pedagóxico, pero a unha gran distancia, aparecen os estudos sobre o currículo non universitario (5,64%). Esta temática, ademais de estar presente en varios estudios acerca do sistema escolar, foi obxecto de atención específica nalgunhas publicacións que tratan das metodoloxías e materiais didácticos, os contidos ou os libros de texto, referidas particularmente á segunda metade do XIX (Benso Calvo, Bugallo, Fraga Vázquez, Gabriel).

O acceso e usos da cultura escrita constitúe o principal centro de atención do 4,87% dos traballos, incluíndose aquí tanto os referidos ao proceso de alfabetización como á análise dos fondos e utilización das bibliotecas. Algunxs dos seus autores teñen unha formación académica histórica, e nese caso adoitan centrarse no Antigo Réxime (Gelabert, Rey Castelao, Sanz González), e outros pedagóxicas, orientando estes os seus esforzos cara a contemporaneidade (Gabriel).

A mesma porcentaxe que a categoría anterior rexistra a de educación popular e extensión cultural, pois se ben a investigación está nucleada arredor da educación formal e da reflexión que suscita, existen varios traballos que se ocupan de aspectos non formais: as universidades populares (Capelán Rey), as Misións Pedagóxicas promovidas pola II República (Otero Urtaza), as colonias escolares (Cid Fernández, Pereira Domínguez), etc.

Dentro da política educativa (4,10%) inclúense os traballos que tratan sobre a lexislación e administración escolar, pero tamén os discursos sobre a educación cun marcado carácter político, que non sempre resulta doado discriminhar das ideoloxías escolares, adscritas ás correntes na categoría xeral dedicada ao pensamento pedagóxico. Entre os cultivadores destes temas podemos citar a Prado Gómez, Cid Fernández, Barreiro Rodríguez e Costa Rico.

Sobre a profesión docente, referida máis que nada ao profesorado de ensino primario, e sen considerarmos a súa formación inicial, rexistrada dentro do sistema de ensino, contamos con diversas investigacións (3,59%) que dan conta do seu status socio-económico, vida societaria, proxección social, conflictividade profesional e publicacións, entre outros aspectos (Cid Fernández, Costa Rico).

Na categoría de estudios xerais incluímos aqueles que non se corresponden con ningunha das anteriores (3,59%). Trátase de estudios sobre o conxunto do sistema de ensino, con abundantes referencias ao pensamento e política escolar e mesmo a instancias e procesos de educación non formal (Barreiro Fernández), historias xerais da pedagogía, seguindo o esquema usual neste tipo de textos (López García, Otero Espasandín), investigacións sobre a historia dunha determinada localidade (Lanza) ou dun determinado aspecto, como a cultura científica (Díaz-Fierros Viqueira).

Por último, as reflexións de carácter historiográfico e metodolóxico son escasas, pois redúcense a sete. Algunhas refírense ao conxunto da historiografía educativa (Costa Rico, Porto Ucha) e outras son más específicas, pois restrinxense a unha determinada parcela: o estado da cuestión das investigacións sobre emigración e educación (Peña Saavedra) ou a alfabetización no Antigo Réxime (Rey Castelao). As publicacións de carácter metodolóxico tratan sobre as posibilidades que ofrecen certas fontes (Peña Saavedra) ou ben suxiren liñas e enfoques de investigación (Barreiro Rodríguez).

Este é o panorama actual que ofrecen as investigacións publicadas. En determinados períodos, como o comprendido entre a Lei Moyano e a II República, existe unha importante bibliografía, pero noutros, como os inicios do liberalismo e o franquismo, resta case todo por facer. O ensino universitario e primario están bastante ben estudiados, como tamén as repercusións escolares da emigración, pero o secundario e profesional estan moito menos e de forma máis localizada, malia os esforzos realizados nos últimos anos. Algunhas correntes ideolóxicas (galeguismo, institucionismo) foron obxecto de diversas investigacións, ao tempo que outras mereceron moita menos atención (socialismo, conservadurismo). Certas temáticas introducidas pola historia social da educación, como a alfabetización e usos da cultura escrita, as cuestións de xénero ou o currículo están presentes na nosa historiografía, pero áinda en moi escasa medida. E no eido da educación non formal o campo sigue estando praticamente virxe.

Cómpre, xa que logo, cubrir os baleiros existentes e retomar dende novas perspectivas temáticas xa traballadas. E facelo ademais adoptando os enfoques metodolóxicos propostos pola historia social, enriquecidos coas aportacións que se poidan facer dende esa historia cultural da educación que se empeza a albiscar.

3. Fontes e arquivos

A construción da historia baséase na análise e interpretación de fontes, e áinda que a súa tipoloxía inclúe diversas categorías, as escritas seguen a ter un indubidable protagonismo, ben sexan impresas -sobre as que ofrecemos unha pequena mostra no apartado 4.3-, ben manuscritas. Da súa conservación, organización e custodia encárganse as bibliotecas e os arquivos -os "celeiros da historia", segundo se ten dito en afortunada expresión.

No tocante á historia da educación, os centros en que se conservan materiais de interese son de moi diversa índole, e están situados tanto en Galicia como fóra dela, debido á carencia de autonomía de Galicia ao longo da maior parte da súa historia e ao carácter centralizador da política arquivística española. De seguido ofrecemos unha relación de arquivos e bibliotecas de interese para o historiador da educación, sen afán de exhaustividade, se ben entendemos que quedan sinalados os más importantes. As observacións que se fan sobre os seus fondos non teñen más que un carácter exemplificativo. O investigador deberá recorrer en cada caso aos instrumentos de consulta de que disponen tales centros.

Archivo Histórico Nacional (Madrid)

Entre os seus fondos documentais relativos á España Moderna, en particular os referidos á Igrexa e ao clero, é probable que haxa documentación educativa de interese, áinda que no

presente só se ten coñecemento da referida ás Escolas de Gramática para mediados do século XVIII.

Archivo General de la Administración (Alcalá de Henares)

Archivo Central del Ministerio de Educación

Ao recollerse nel fondos de toda a Administración Pública española dende o século XIX, existe no mesmo un importante volume de información. Malia a documentación perdida hai varias décadas por mor dun incendio, consérvanse, con interese para Galicia, documentos como expedientes persoais de inspectores, profesores de Instituto e Escolas Normais, datos sobre a ensinanza privada dende 1845, dos colexios das ordes relixiosas dende 1838, de construción de escolas e centros de ensino dende 1880, da ensinanza secundaria oficial dende mediados do século XIX, e tamén expedientes de títulos de mestres e mestras dende 1922, libros de texto de ensinanza secundaria, datos de fundacións escolares, sobre o Colexio de Xordomudos de Santiago dende 1886, as Escolas de Artes e Oficios, as Escolas de Náutica da Coruña e de Ferrol a mediados do século XIX, amén doutros sobre as Escolas Normais. Os seus fondos inclúen expedientes persoais de docentes públicos, datos de oposicións e concursos, sobre as Escolas de Comercio, colonias e cantinas escolares a partir de 1927, as Xuntas Provinciais de Instrucción Pública e outros sectores e asuntos, con maior abundancia para as primeiras décadas do século XX.

Archivo General de Simancas

Contén informacións censatarias e catastrais da Coroa de Castela durante o século XVIII, entre as que hai datos de carácter educativo relativos a Galicia. Existen tamén alí expedientes de visita á Universidade de Santiago, como é o caso da visita de Portocarrero de 1577, actualmente transcrito e editado, ou as actas do Claustro Compostelán durante o século XVI. Quizais conteña outros datos interesantes, por máis que de momento non se teña un coñecemento apropiado de todos os seus fondos.

Real Academia de la Historia (Madrid)

O seu maior interese radica no fondo de *Temporalidades*, rico para o estudio dos colexios xesuítas. Existen tamén documentos sobre notables intelectuais galegos.

Biblioteca Nacional (Madrid)

Alén do seu xeral interese como institución depositaria do patrimonio editorial español, para o que nos ocupa cómpre salientar que están aquí un bo número de obras didácticas e educativas de autoría galega, sendo ás veces o único lugar en que se conservan.

Hemeroteca Nacional/Hemeroteca Municipal de Madrid

A Hemeroteca Nacional contén fundamentalmente prensa do período franquista, aínda que para esta época as propias hemerotecas dos xornais galegos poden contribuír a resolver as demandas informativas. A Hemeroteca Municipal é un lugar moi relevante, por canto que diversos títulos de prensa profesional do maxisterio de Galicia e de prensa obreira galega, de interese para a nosa historia educativa, só aquí se localizan.

Centro nacional de conservación y microfilmación documental y bibliográfica

Dispón dun moi extenso volume de obras microfilmadas, relativas aos séculos XVI-XVIII, se ben o seu interese específico para o noso caso é reducido.

Outros centros existentes en Madrid

Polo seu interese bibliográfico podemos anotar o Gabinete de Documentación, Biblioteca e Arquivo do MEC, as Bibliotecas das Facultades de Filoloxía e de Educación da Universidade Complutense, e a que foi Biblioteca do Museo Pedagóxico Nacional.

Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña)

Os seus fondos sobre a Galicia do Antigo Réxime se cadra conteñen informacións acerca da educación, aínda que diversas catas só fixeron aflorar a súa riqueza documental para mediados do século XVIII. A importancia medra para o período que media entre os anos 30 do século XIX e os 20 do século XX. Aquí están con ampla continuidade os libros de actas da Xunta Provincial de Instrucción Pública da provincia da Coruña, os libros de correspondencia, diversos rexistros de títulos de mestres, cos seus nomes, escalafóns e nóminas, sempre con respecto á provincia da Coruña, así como outros datos varios relativos á provincia de Pontevedra. Posúe ademais boas coleccións da *Gaceta de Madrid* e do *Boletín Oficial do Ministerio de Instrucción Pública*.

Arquivo Histórico da Universidade de Santiago

Xunto aos importantes fondos relativos á historia institucional da Universidade de Santiago, posúe un notable interese para a historia da ensinanza pública e privada, primaria e secundaria de toda Galicia a partir de mediados do século XIX e ata a década de 1920. Informes e datos emanados do Rectorado, a Inspección e as Xuntas Provinciais, rexistros de títulos, antecedentes e expedientes de mestres e mestras, abondosa información sobre as iniciativas privadas, oposicións a escolas, Institutos de Bacharelato e Escolas de Maxisterio, entre outros documentos de indubidable interese.

Biblioteca Universitaria de Santiago

Moi importante tanto polo conxunto de fontes primarias editadas que conserva -obras básicas da cultura europea, sección de libros en galego e sobre Galicia- como pola súa sección de hemeroteca, cos fondos da prensa compostelá e unha parte microfilmada das más importantes cabeceiras galegas -a consulta das cales se pode completar nas hemerotecas dos propios xornais-, sen esquecermonos dos extraordinarios fondos da Biblioteca América, das coleccións de revistas e da súa notable, se ben reducida, sección de manuscritos, que contén, entre outros, textos filosóficos en latín usados en varios mosteiros galegos durante o Antigo Régime.

Fundación Penzol (Vigo), Biblioteca da Real Academia Galega (A Coruña), Biblioteca do Instituto de Estudios Galegos P. Sarmiento (Santiago), Biblioteca e Hemeroteca do Museo de Pontevedra

A riqueza documental de obras e publicacións periódicas relativas a Galicia, xunto á súa dimensión arquivística, fan destes centros espacios moi valiosos para a construción da historia contemporánea da educación e da cultura de Galicia.

Arquivos Históricos Provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra

Todos posúen considerables fondos xerais a partir do século XVI, aínda que o feito de non estaren explotados para o noso caso, agás nalgúnha medida o de Pontevedra, impidéños facer precisóns ao respecto.

Bibliotecas públicas provinciais

Todas contemplan seccións de obras e publicacións pedagógicas dende os inicios do século XX, de moi distinto valor e dimensión.

Biblioteca e Arquivo do Real Consulado do Mar da Coruña e Biblioteca do Arsenal de Ferrol

Son centros valiosos para achegarse ás pegadas da ilustración en Galicia e á presencia da cultura científica e técnica. Os seus fondos, sobre todo no caso do Consulado, teñen sido xa explotados.

Arquivos Municipais de Galicia

Polo xeral, con excepción dos arquivos municipais situados nas capitais e vilas con moi consolidado estatuto histórico (Tui, Baiona, Viveiro...), o seu alcance temporal arranca de mediados do século XIX, resultando, en todo caso, de interese para calas microhistóricas. O seu emprego ten sido aínda reducido.

Arquivos Catedralicios das dioceses de Galicia

O seu interese para a historia da educación en Galicia é ainda mal coñecido. É presumible o seu relevo con respecto ás actividades educativas desenvolvidas nas respectivas catedrais e polas ordes monásticas e conventuais presentes en cada diocese. Neste sentido hai que prestar tamén atención aos propios fondos daqueles institutos relixiosos que os conservan, sexa en Galicia ou mesmo no exterior: Salamanca, Valladolid, ou Roma, son puntos que non se deben perder de vista a este respecto.

Arquivos parroquiais e Arquivos notariais

Aínda que existe unha tendencia avanzada cara a súa concentración, nos arquivos diocesanos ou no Histórico da Universidade de Santiago, respectivamente, aludimos a eles coa consciencia de seren depósitos fundamentais para abordar estudos sobre a alfabetización e o desenvolvimento cultural na Galicia do Antigo Réxime.

Biblioteca-Arquivo dos Seminarios de Galicia

Os seus fondos históricos de obras filosóficas, teolóxicas e doutras materias, e as súas coleccións de revistas, importantes para o coñecemento das institucións educativas eclesiásticas, quizais deban ser tomadas en consideración, o mesmo que as Bibliotecas-Arquivos de Mosteiros e Conventos como os de Poio, Oseira, Samos e dos Franciscanos de Santiago, entre outros.

Bibliotecas das Escolas de Maxisterio e demais centros pedagóxicos universitarios de Galicia

Infelizmente, os fondos tradicionais das Escolas Normais están polo xeral en mal estado e son de reducido valor, presumíndose que teñan sido gravemente lesionados, coa excepción quizais dos da Escola Normal de Lugo. Aínda que polo de agora non é consultable publicamente, convén deixar constancia do fondo bibliográfico Díaz Rozas, instalado no Seminario de Estudios Galegos-Instituto Galego de Información (Santiago).

Delegacións Provinciais do Instituto Nacional de Estatística e Arquivos das Cámaras de Comercio, Industria e Navegación

As Delegacións Provinciais de Estatística disponen polo xeral dunha boa parte das publicacións estatísticas españolas dende mediados do século XIX, que son complementarias dos fondos que a este respecto existen na Biblioteca da Universidade de Santiago. Os arquivos das Cámaras, aínda por explorar, probablemente conteñan datos que permitan construír mellor a historia das institucións educativas privadas non relixiosas.

4. Repertorio bibliográfico e de fontes impresas

4.1. Bibliografía específica

- ÁLAMO, Anselmo del (1980): "Seis décadas de apostolado y actividad educacional de las Escuelas Pías en la villa de Celanova (Orense) (s. XX)", *Analecta Calasanciana*, vol. XXII, páxs. 207-272.
- ALLER ULLOA, Ramón M^a (1929): "Don José Rodríguez González (O matemático de Bermés)", *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos III*, Santiago de Compostela, páxs. 25-96.
- ANTAS RAMOS, José Luis (2001): "De la gimnástica a la educación física: profesorado, pensamiento y conformación de un espacio educativo en el Instituto de Santiago de Compostela (1893-1923)", en *La acreditación de saberes y competencias. Perspectiva histórica* (XI Coloquio Nacional de Historia de la Educación), Oviedo, Universidad de Oviedo, páxs. 31-38.
- ARCA CALDAS, Olimpio (1993): *Mestres estradenses que fixeron escola*, Sada (A Coruña), Ediciós do Castro.
- ARES FARALDO, Manuel (1990): "La Cátedra de Latinidad de Betanzos", *Anuario Brigantino*, nº 13 , páxs. 55-57.
- AXEITOS, Xosé Luis (1995a): "As ideas sociais e educativas de Rafael Dieste", *Revista Galega do Ensino*, nº 8, páxs. 17-28.
- (1995b): "As Misións Pedagógicas en Galicia. Rafael Dieste entrevistado por Gómez del Valle e J. Carballera", *Grial*, nº 125, páxs. 49-59.
- BANDÍN HERMO, Manuel (OFM) (1928): *Los arzobispos y la Universidad de Santiago. Notas históricas*, Santiago, Sucesores de Paredes.
- BARREIRO DE V. V., Bernardo (1883): "Archivo de la Inquisición de Galicia. Apuntes sobre bibliografía y lectura prohibida de 1800 a 1819", *Galicia Diplomática*, vol. II, nº 13, páxs. 100-103; nº 14, páxs. 107-108; nº 15, páxs. 113-114; nº 16, páxs. 121-123; nº 19, páxs. 149-150.
- (1888): "Expedientes de claustros reservados celebrados en la Real Universidad de Santiago, sobre su conducta política y otros documentos", *Galicia Diplomática*, vol. III, nº 17, páxs. 134-135; nº 18, páxs. 141-143; nº 19, páxs. 148-149; nº 20, páxs. 157-159.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1975): "Los comienzos de la reforma del Colegio de Fonseca en 1748-51 y su incidencia en la primera reforma universitaria española", *Liceo Franciscano*, nº 82-84, páxs. 215-233.
- (1982): *Historia Contemporánea de Galicia. III Historia de la cultura gallega*, A Coruña, Ediciones Gamma.
- (1991a): *A Galicia do Antigo Réxime. Ensino, Ilustración e Política*, A Coruña, Hércules Ediciones.
- (1991b): *Galicia. Historia contemporánea. Ensino e cultura*, A Coruña, Hércules Ediciones.

- (coord.) (1998): *Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Das orixes ao século XIX*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
- (2000): “La primera Luz, un libro de lecturas de Murgía para as escolas galegas”, *Revista Galega do Ensino*, nº 27, páxs. 15-35.
- , RODRÍGUEZ DÍAZ, M^a Rosaura e RUIBAL SOBRAL, Luz (1971): “El evolucionismo en Galicia en el siglo XIX. Hipótesis interpretativa del atraso de la ciencia en España en la segunda mitad del siglo XIX”, *Compostellanum*, vol. XVI, páxs. 539-574.
- BARREIRO RODRÍGUEZ, Herminio (1984): “Hacia una nueva historia de la educación en Galicia. Algunas cuestiones de método”, *Bordón*, nº 253, páxs. 399-403.
- (1990): “Tres mujeres normalistas. Testimonio e interpretación de una experiencia en la Escuela Normal de Pontevedra (1954-1957)”, en *Mujer y Educación en España, 1868-1975* (Actas del VI Coloquio de Historia de la Educación), Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, páxs. 36-41.
- (1995): “Concepción Arenal e o educacionismo filantrópico”, en *A muller na historia de Galicia* (IX Xornadas de Historia de Galicia), Ourense, Deputación Provincial de Ourense, páxs. 95-109.
- (1997): “Pequeña historia de una escuela unitaria”, *Vela Mayor. Revista de Anaya Educación*, nº 11, páxs. 23-29.
- (1999): “Presencia galega nunha publicación pedagóxica innovadora: a *Revista de Pedagogía* (1922-1936)”, en *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Vigo, Galaxia, t. I, páxs. 533-536.
- BARRERA PEÑA, M. L. e LOPEZ PEÑA, A. (1983): *Sociología de la mujer en la Universidad: Análisis histórico-comparativo Galicia-España, 1900-1981*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
- BELTRÁN DE HEREDIA, Vicente (OP) (1934): “La teología en los seminarios de Galicia”, *Boletín de la Real Academia Gallega*, t. XXI, nº 246, páxs. 130-137; nº 247, páxs. 153-163; nº 249, páxs. 202-205.
- BENSO CALVO, M^a Carmen (1983): “Escuela y sociedad en Ourense (1940-1970)”, en *Escalarización y Sociedad en la España Contemporánea (1808-1970)* (Actas del II Coloquio de Historia de la Educación), Valencia, Universidad de Valencia, páxs. 565-579.
- (1989): “Escalarización e sociedade: modalidades, niveis e funcións da escalarización na sociedade ourensá franquista”, en Agustín Requejo Osorio e Xosé Manuel Cid Fernández (coords.), *Educación e sociedade en Ourense*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, páxs. 69-112.
- (1990): “Educación y sociedad en Orense a mediados del siglo XIX. La puesta en marcha del nuevo Instituto provincial”, *Historia de la Educación*, nº 9, páxs. 197-217.
- (1991a): “O ensino de elite em Ourense. Primeiros anos de vida do Liceo Provincial (1845-1857)”, *Agália*, nº 27, páxs. 275-296.
- (1991b): “Descentralización y democratización de la Universidad española a partir de 1970: el caso de Orense”, en *L'Université en Espagne et en Amérique Latine du*

- Moyen Age a nos jours. I. Structures et acteurs*, Tours, Publications de l'Université de Tours, páxs. 441-464.
- (1992): "El Colegio Universitario de Orense y la democratización de los Estudios Superiores en la provincia (1973-1988)", *Boletín Auriense*, t. XXII, páxs. 183-214.
 - (1993): "Mujer y Universidad en Orense. La oferta universitaria y el acceso a la cultura superior (1974-1990)", en Cristina Caruncho y Purificación Mayobre (coords.), *O reto do presente. Feminismo, Ecoloxía, Pacifismo*, Ourense, Facultade de Humanidades, páxs. 22-45.
 - (1994): "Los destinatarios del Bachillerato en Galicia. Estudio geográfico y social del alumnado orensano (1850-1910)", *Revista de Educación*, nº 305, páxs. 321-352.
 - (1995): "La condición sociolaboral y educativa de la mujer orensana en el primer tercio del siglo XX", *Minius*, nº IV, 1995, páxs. 151-172.
 - (1996a): *Muller e educación en Ourense*, Santiago, Tórculo.
 - (1996b): "Tipología del trabajo femenino y educación en la Galicia interior. El análisis del caso orensano (1900-1936)", en M^a D. Ramos Palomo y M^a T. Vera Balanza (eds.), *El trabajo de las mujeres. Pasado y presente* (Actas del Congreso Internacional del Seminario de Estudios Interdisciplinarios de la Mujer), Málaga, Universidad de Málaga, t. III, páxs. 117-128.
 - (1998a): "La descentralización y democratización de la Universidad después de la Ley de 1970. Consideraciones a propósito del estudio social del alumnado orensano (1973-1990)", en *La Universidad en el siglo XX (España e Iberoamérica)* (Actas del X Coloquio de Historia de la Educación), Murcia, Universidad de Murcia, páxs. 474-482.
 - (1998b): "Los inicios de la crisis del bachillerato tradicional en Galicia (1900-1930)", *Historia de la Educación*, nº 17, páxs. 125-157.
 - (1999): "La educación Popular en la obra de Eduardo Moreno López", *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, nº 3, páxs. 65-91.
 - e GABRIEL, Narciso de (1986a): "El apoyo social a las reivindicaciones educativas de la Iglesia española en el Congreso Católico Nacional de Santiago (1902)", en *Iglesia y educación en España. Perspectivas históricas* (IV Coloquio de Historia de la Educación), Palma de Mallorca, Universitat de les Illes Balears, páxs. 236-246.
 - e GABRIEL, Narciso de (1986b): "El debate pedagógico en el VI Congreso Católico Nacional de Santiago (1902)", en *Iglesia y educación en España. Perspectivas históricas* (IV Coloquio de Historia de la Educación), Palma de Mallorca, Universitat de les Illes Balears, páxs. 10-22.
 - e NOGUEIRA BLANCO, Isabel (1990a): "La mujer en el discurso del catolicismo. Análisis de *La Región*, diario local orensano de orientación católica e información general (1921-1923)", en *Mujer y Educación en España, 1868-1975* (Actas del VI Coloquio de Historia de la Educación), Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, páxs. 62-74.
 - e NOGUEIRA BLANCO, Isabel (1990b): "Mujer y prensa agraria en Galicia. Análisis de *La Zarpa*, el diario de los agrarios gallegos (1921-1924)", en *Mujer y Educación*

- en España, 1868-1975 (Actas del VI Coloquio de Historia de la Educación), Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, páxs. 75-86.
- e PEREIRA DOMÍNGUEZ, M^a Carmen (1992): "Aportaciones del Higienismo a la educación corporal del escolar gallego en el siglo XIX", en *Educació. Activitats Fisiques i Sport en una perspectiva històrica* (Actas del XIV Congrés International de la ISCHE), Barcelona, t. I, páxs. 284-289.
- e RIVAS BARRÓS, Sabela (2000): "Los manuales utilizados en los Institutos gallegos de la segunda mitad del siglo XIX", en M^a Nieves Gómez García e Guadalupe Trigueros Gordillo, *Los Manuales de Texto en la Enseñanza Secundaria (1812-1990)*, Sevilla, Kronos, páxs. 199-212.
- e TARRIÓN FERNÁNDEZ, José Antonio (1987): *La enseñanza en Orense. Apuntes sobre la escolarización en la provincia desde la postguerra a los primeros años de la democracia*, Ourense, Alfer.
- BERMEJO, Manuel, BUGALLO, Anxela e SISTO, Rafael (1997): "V séculos de ciencia na USC", *Boletín das Ciencias*, nº 29, páxs. 62-77.
- BLANCO AMOR, Eduardo (1984): *Padre Feijoo. Obra selecta*, Santiago, Salvora (1^a edición en Buenos Aires, 1966).
- BORRAS LLOP, José María (1999): "Condicións dos nenos labregos en Galicia. O informe de Rodriguez Mourelo á Comisión de Reformas Sociales (1884): discurso e realidades", *Grial*, nº 144, páxs. 579-591.
- BREY, Gérard (1986): "L'enseignement populaire non officiel en Galice urbaine jusqu'en 1911", en *L'enseignement primaire en Espagne et en Amérique Latine du XVIII^e siècle à nos jours. Politiques éducatives et Réalités scolaires*, Tours, Université de Tours, páxs. 195-210.
- BUGALLO RODRÍGUEZ, Anxela (1999): "O ensino da Historia Natural no Instituto de Santiago (1850-1903). Profesorado e recursos, dependencias e influencias", *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, nº 3, páxs. 205-221.
- BUJÁN NÚÑEZ, José Daniel (1992): "Desamortización y bibliotecas en la provincia de Pontevedra", *Revista de Estudios Provinciales* (Pontevedra), nº 8-9, páxs. 264-274.
- (1993): "Librerías de órdenes religiosas en la Biblioteca Universitaria de Santiago. Algunas notas sobre la librería del Colegio de Monterrey", en *Homenaxe a Dolores Vilariño*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, páxs. 253-258.
- CABADA CASTRO, Manuel (1990): "Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1936), poeta, galleguista, educador. Re-presentación dun anaco da nosa propia cultura", *Grial*, nº 105, páxs. 68-83.
- CABEZA DE LEÓN, Salvador (1919): *La Universidad de Santiago y D. Ramón de la Sagra. Notas históricas*, Santiago, Imp. de Paredes.
- (1924): "Un episodio en la vida académica de D. Domingo Fontán", *Boletín de la Real Academia Gallega*, t. XIV, nº 162, páxs. 129-134 e nº 163, páxs. 164-170.
- e FERNÁNDEZ VILLAMIL, Enrique (1945-1947): *Historia de la Pontificia, Real e Insigne Universidad de Santiago*, Santiago, Bibliófilos Gallegos, 3 vols.

- CABEZAS GELABERT, Lino (1985): "A historia do ensino do debuxo e a formación do gusto estético", *Revista Galega do Ensino*, nº 6, páxs. 75-96.
- CAPELÁN REY, Antón (1994): *Contra a Casa da Troia*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovenzo.
- (1996): *Contra a Casa da Troia (e II)*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovenzo.
- (1999): "Contribucións a unha historia da Universidad Popular da Coruña", *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, nº 3, páxs. 25-64.
- CARIDE GÓMEZ, José Antonio (1983): "Política educativa, escolarización rural y práctica social en Galicia (1939-1970)", en *Escolarización y Sociedad en la España Contemporánea (1808-1970)* (Actas del II Coloquio de Historia de la Educación), Valencia, Universidad de Valencia, páxs. 599-616.
- CASADO BLANCO, Clotilde, ENRÍQUEZ SALIDO, M^a Rosa e VELIZ CARRIL, M^a Isabel (1997): *Instituto Xelmirez. Pasado e presente (1845-1995)*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña.
- CASÁS FERNÁNDEZ, Manuel (1954): *Concepción Arenal en el aspecto pedagógico*, Madrid, Librería General de Victoriano Suárez.
- CENDÓN AMARO, Aurora (1996): "A Universidade de Santiago na primeira metade do século XIX (1807-1857)", *Revista Galega do Ensino*, nº 11, páxs. 79-121.
- CHILHÓN IGLESIAS, Joám C. (1982): "A Asociación de Trabalhadores do Ensino de Ourense (A.T.E.O), 1932-1936", *O Ensino*, nº 5, páxs. 39-46.
- CID FERNÁNDEZ, Xosé Manuel (1982): "Postura controvertida de A. Couceiro Freijomil ante o rexurdimento e extensión da conciencia nacionalista (1916-1936)", *Boletín Auriense*, t. XII, páxs. 275-297.
- (1983): "Aportaciones del Ayuntamiento y la Diputación de Ourense a la democratización de la enseñanza (1931-36)", en *Escolarización y Sociedad en la España Contemporánea (1808-1970)* (Actas del II Coloquio de Historia de la Educación), Valencia, Universidad de Valencia, páxs. 617-630.
- (1985): "Tres alternativas educativas para a crase obreira e artesán de Ourense no período republicán (1931-1936)", en *Materiais Pedagógicos*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela, páxs. 25-30.
- (1986a): "Iglesia, sociedad y educación en el contexto de la parroquia rural gallega durante el período republicano", en *Iglesia y educación en España. Perspectivas históricas* (IV Coloquio de Historia de la Educación), Palma de Mallorca, Universitat de les Illes Balears, páxs. 90-104.
- (1986b): "El debate político en la Escuela del Trabajo de Orense", *Historia de la Educación*, nº 5, páxs. 415-421.
- (1987): "Colonias de verano en Galicia. Entre el pasado y el futuro", *Animació*, nº 4, páxs. 123-129.
- (1988-1990): "El crecimiento urbano y la transformación de la escuela pública en Galicia (1916-1936)", *Full Informatiu*, nº 7-8, páxs. 28-36.

- (1988a): “La Escuela Laica Neutral de Ourense en el marco de las realizaciones educativas de los emigrantes gallegos (1909-1936)”, en *Historia de las relaciones educativas entre España y América* (V Coloquio Nacional de Historia de la Educación, Sevilla, Universidad de Sevilla, páxs. 346-357).
- (1988b): “Na percura da Escola Pública Galega. A loita do maxisterio ourensán dos anos trinta”, *Revista Galega de Educación*, nº 6, páxs. 53-56.
- (1988c): “Nova educaçom republicana e propostas de galeguizaçom educativa en Ourense (1929-1936)”, *Agalia*, nº 15, páxs. 261-280.
- (1989a): “Educación e sociedade en Ourense na II República”, en Agustín Requejo Osorio e Xosé Manuel Cid Fernández (coords.), *Educación e sociedad en Ourense*, Sada (A Coruña), Edicións do Castro, páxs. 37-68.
- (1989b): *Apuntes da nosa historia escolar*, Ourense, Concello de Ourense-Nova Escola Galega.
- (1989c): *Educación e ideoloxía en Ourense na II República*, Santiago, Universidade de Santiago de Compostela.
- 1989 (d): “Ensino activo e creación dos propios materiais. O labor de tres mestres republicanos”, en *IV Xornadas do Maxisterio license*, Lugo, Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, páxs. 75-79.
- (1990): “Implicación de Couceiro Freijomil na educación e na cultura ourensana”, en *Homenaje al polígrafo eumés Don Antonio Couceiro Freijomil en el primer centenario de su nacimiento (1888-1988)*, A Coruña, Deputación Provincial da Coruña, páxs. 27-47.
- (1991): “Educación, ideoloxía e sociedade en Ourense na II República”, en Xavier Castro e Jesús de Juana (eds.), *Mentalidades colectivas e ideoloxía* (VI Xornadas de Historia de Galicia), Ourense, Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Ourense, páxs. 73-103.
- (1994a): “Ferrer y el laicismo escolar en Galicia”, *Educació i Historia. Revista d'història de l'educació*, nº 1, páxs. 37-40.
- (1994b): *Escola, Democracia e República. Teorías e institucións educativas en Ourense durante a II República*, Vigo, Concello de Ourense e Universidade de Vigo.
- (2000): “Manuel Luis Acuña, educador nunha xeneración de educadores”, en *Manuel Luis Acuña*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.
- e DAPÍA CONDE, Mª Dolores (coords.) (2000): *Da escola rural á educación social. 25 anos de Freinet en Galicia (1973-1998)*, Vigo, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo.
- , DAPÍA CONDE, Mª Dolores e FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Reyes (1997): “Penetración da pedagoxía Freinet en Galicia e Portugal”, en Xosé Manuel Cid, María D. Dapía e Reyes Fernández (coords.), *Por unha escola do pobo. No centenario de C. Freinet (1896-1996)*, Vigo, Universidade de Vigo, páxs. 51-74.
- CORES TRASMONTE, Baldomero (1989): *Ciencia e galeguidade na II República*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

- (1997): "O mecenado educativo e os grandes constructores educativos de Galicia", *Boletín das Ciencias*, nº 30, páxs. 63-73.
- COSTA RICO, Antón (1980): "O laicismo escolar en Galicia" *Man Común*, nº 3, páxs. 26-31.
- (1981). "El laicismo escolar en Galicia", *Cuadernos de Pedagogía*, nº 73, páxs. 69-72.
- (1983a): "Instituciones para la formación de los maestros gallegos en los finales del siglo XIX", *Historia de la Educación*, nº 2 páxs. 189-198.
- (1983b): "Magisterio", *Gran Encyclopédia Gallega*, t. XX, páxs. 42-50.
- (1983c): "Rol, situación y comportamiento de los maestros rurales gallegos en los finales del siglo XIX e inicios del XX", en *Escalarización y Sociedad en la España Contemporánea (1808-1970)* (Actas del II Coloquio de Historia de la Educación), Valencia, Universidad de Valencia, páxs. 631-645.
- (1984a): "Propuestas educativas en el medio rural gallego en el primer tercio del siglo XX", en *Sisenes Jornades d'Història de l'Educació als Països Catalans. Actas*, Lleida, páxs. 334-346.
- (1984b): "La emigración gallega y su acción cultural-educativa en sus lugares de origen", *Indianos. Monografías de Los Cuadernos del Norte*, Caja de Ahorros de Asturias, páxs. 35-44.
- (1984c): "Publicaciones pedagógicas y escolares en la historia contemporánea de Galicia", *Bordón*, nº 253, páxs. 421-435.
- (1986): "Socialismo e educación na Galicia do primeiro tercio do século XX", en Xavier Castro e Jesús de Juana (eds.), *Aspectos da realidade galega (séc. XVI ó XX) (II Xornadas de Historia de Galicia)*, Ourense, Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Ourense, páxs. 135-164.
- (1987a): "A longa historia do sindicalismo no ensino en Galicia", *Revista Galega de Educación*, nº 5 páxs. 57-59.
- (1987b): "Da escola da palabra e da cidadanía á escola do silencio", *A Nosa Terra. Os anos despois (1936-1953). A Nosa Historia/2*, páxs. 13-19.
- (1988): "A Institución Libre de Enseñanza en Betanzos", *Anuario Brigantino*, nº 11, páxs. 61-68.
- (1989): *Escolas e Mestres. A educación en Galicia: Da Restauración á segunda República*, Santiago, Xunta de Galicia.
